



# JSON do estado actual nas estacións da rede de aforos de ríos de MeteoGalicia

O documento que se presenta a continuación contén a descrición dos datos presentados polo arquivo en formato JSON para o estado actual das estacións na rede de aforos de ríos de MeteoGalicia con ligazón:

<http://servizos.meteogalicia.gal/rss/observacion/jsonAforos.action>

Este JSON permite coñecer o estado actual das estacións na rede de aforos de ríos de MeteoGalicia e Augas de Galicia que actualmente están en servizo. Ademais dos datos que describen a estación, amosa os datos do estado actual: nivel medio e caudal medio da auga.

Para ver máis información sobre esta rede de estacións, pode consultar a páxina web:

<http://www2.meteogalicia.gal/servizos/AugasdeGalicia/estacions.asp>

## 1 Introducción formato JSON

O formato JSON <sup>1</sup>(JavaScript Object Notation - Notación de Objetos de JavaScript) é un formato lixeiro de intercambio de datos.

JSON está constituído por dúas estruturas:

- Unha colección de pares nome/valor.
- Unha lista ordenada de valores.

## 2 Estrutura do arquivo JSON

O esquema concreto deste arquivo é o seguinte:

```
{ "listaAforos": [
  { "concello": "#texto", "dataLocal": "#data", "dataUTC": "#data",
    "ide": "#número", "latitude": "#texto", "listaMedidas":
      [ { "codParametro": "#número", "codValidacion": "#número", "parametro": "#texto",
        "unidade": "#texto", "valor": "#número" },
        { "codParametro": "#número", "codValidacion": "#número", "parametro": "#texto",
        "unidade": "#texto", "valor": "#número" },
        ... ],
    "lonxitude": "#texto", "nomeEstacion": "#texto", "provincia": "#texto" },
  { "concello": "#texto", "dataLocal": "#data", "dataUTC": "#data",
    "ide": "#número", "latitude": "#texto", "listaMedidas":
      [ { "codParametro": "#número", "codValidacion": "#número", "parametro": "#texto",
        "unidade": "#texto", "valor": "#número" },
        { "codParametro": "#número", "codValidacion": "#número", "parametro": "#texto",
        "unidade": "#texto", "valor": "#número" },
        ... ],
    "lonxitude": "#texto", "nomeEstacion": "#texto", "provincia": "#texto" },
  ...
]
}
```

<sup>1</sup> Para máis información sobre o formato JSON consulte: <http://www.json.org/json-es.html>

Este arquivo está formado por un único par de nome *listaAaFOROS* cuxo valor está formado por unha lista de elementos que identifican cada unha das estacións e aporta información sobre o estado actual que recolle. Cada un destes elementos está formado polos seguintes par/valor:

**concello:** Nome do concello donde se atopa a estación.

**nomeEstacion:** Nome da estación.

**ide:** identificador numérico único da estación.

**latitude / lonxitude:** latitude e lonxitude respectivamente donde se atopa a estación.

**provincia:** provincia galega onde se atopa a estación.

**dataLocal:** data e hora local da lectura mostrada.

**dataUTC:** data e hora UTC da lectura mostrada.

**listaMedidas:** lista coa información de cada unha das medidas consultadas. Cada unha destas medidas está formada polos seguintes elementos:

**codigoParametro:** identificador único de cada parámetro, común a todas as estacións.

**parametro:** descrición do parámetro.

**unidade:** unidade na que se tomou a medida.

**valor:** valor numérico da medida.

**InCodigoValidacion:** código de validación do dato. Os valores posibles son:

Código Validación	Descrición
0	Dato sen validar
1	Dato válido orixinal
2	Dato sospeitoso
3	Dato erróneo
5	Dato válido interpolado
9	Dato non rexistrado

### 3 Parámetros de consulta

Por defecto (sen parámetros) este servizo devolve a información para todas as estacións da rede de aforos de ríos en servizo.



Para consultar a información dunha ou varias estacións concretas, pode utilizar o parámetro *ide*, ao que lle hai que engadir o identificador ou identificadores das estacións que desexe consultar. Se son varias, os identificadores teñen que ir separados por coma (,).

**Exemplos:**

Por exemplo, a estación no Mandeo ten o identificador numérico 30464, polo que a consulta sería:

<http://servizos.meteogalicia.gal/rss/observacion/jsonAforos.action?ide=30464>

No caso de varios identificadores, a consulta sería:

<http://servizos.meteogalicia.gal/rss/observacion/jsonAforos.action?ide=30464,30483>